

FERVENZA DO ÉZARO




DUMBRÍA, COSTA DA MORTE (A CORUÑA)

ÍNDICE

1.Xeodestino Costa da Morte.....	páx.3
2.Situación	4
3.Un pouco de historia.....	5
4.Outros enlaces de interese.....	6
5.Webgrafía.....	6

1.Xeodestino Costa da Morte

Imaxe 1.-Xeodestinos de Galicia



Fonte: www.turgalicia.es

Imaxe 2.-Costa da Morte

▼ Presentación

- > Patrimonio
- > Espazos naturais
- > Festas e gastronomía

Costa da Morte

Presentación...

O xeodestino Costa da Morte abrangue os concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubión, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Aquí estaba a fin do mundo, o "Finis Terrae" dos romanos. Concretamente, en **Cabo Fisterra**, un lugar fascinante desde a máis remota antigüidade, e onde moitos peregrinos dan por finalizado a súa viaxe despois de pasaren por **Santiago de Compostela**.


A lendaria **Costa da Morte** debe o seu nome aos numerosos naufraxios que aquí ocorreron. Unha agreste franxa costeira con praias inmensas como **Carnota**, **O Rostro** ou **Baldaio** e tamén cantís, fortes correntes e repentinos temporais que a fan tan temida polos navegantes. Aquí manda o mar. Así nolo recorda o **Cemiterio dos Ingleses**, preto de **Cabo Vilán**, onde foron enterrados os mariñeiros do **Serpent** que naufragaron en 1890. E quizá para pedir clemencia ao ceo, esta é tamén unha costa zarrapicada de santuarios máxicos, como o da **Virxe da Barca**.

Mais ás veces, o mar inténase na terra e convértese nunha protectora ría: **Corcubión**, **Lires**, **Camariñas**, **Corme e Laxe**. Vilas con auténtico sabor mariñeiro e moitas historias que contar. Como os hórreos xigantes de **Carnota** e **Lira**. Ou a delicadeza dos **encaixes de Camariñas**.

Fonte: www.turgalicia.es

2.Situación

Imaxe 3.- O Ézaro



Fonte: www.google.es

3.Un pouco de historia...

O **Cadoiro** ou **fervenza do Ézaro** é unha ferverza que forma o **río Xallas** na súa desembocadura ao mar na enseada do Ézaro en Santa Uxía do Ézaro, unha parroquia do concello de Dumbría. É a única ferverza en Europa que desemboca directamente no océano. Dende 2012 a ferverza pode verse todos os días do ano.

No último treito do río Xallas o desnivel é de 155 metros, e a auga precipítase a 40 metros de altura monte abaixo ata se esmagar con virulencia contra as paredes pétreas do canón que a propia auga arou ao cabo de millóns de anos a través do Monte Pindo (de 630 m de altitude) despois de ducias de metros de caída libre no punto coñecido coma Cadoiro do Xallas ou do Pindo (unha poza de máis de 20 m de fondo).

Textos de 1724 falan xa da ferverza, describíndoa coma unha enorme fumareira que podía ser ollada dende varios quilómetros mar adentro.

Imaxe 4.- Ferverza do Ézaro



Fonte: www.rutasporgalicia.blogspot.com

4.Outros enlaces de interese

-DESDE GALICIA PARA EL MUNDO: El Xallas, precipitado
<https://youtu.be/5wlzttncY24>

5.Webgrafía

-GOOGLE MAPS

<https://www.google.es/maps/>

-RUTAS POR GALICIA

www.rutasporgalicia.blogs-r.com

-TURGALICIA: Xeodestinos

http://www.turgalicia.es/portada-xeodestinos?langId=gl_ES

-WIKIPEDIA: Fervenza do Ézaro

http://gl.wikipedia.org/wiki/Fervenza_do_%C3%89zaro